



## Concello de Oia

**Expediente núm.:** 755/2017

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Prórroga do Orzamento

**Data de iniciación:** 28/12/2017

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Considerando que non resulta posible cumprir, antes de 31 de decembro, os trámites necesarios para que o Orzamento do próximo exercicio entre en vigor o 1 de xaneiro de 2018

Considerando o informe de Intervención de data 28.12.201, sobre a prórroga para o ano 2018 do orzamento municipal actualmente en vigor.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría-Intervención e de conformidade, co establecido nos artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.4, segundo parágrafo, do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Ordenar se formalice a prórroga do Orzamento do exercicio 2017, ata o importe dos seus créditos iniciais de acordo co anexo I, non prorrogándose os seguintes créditos do estado de gastos:

- ❖ Os consignados no capítulo 6 de gastos, sen perxuízo das incorporacións de créditos que puideran efectuarse, coas unicas excepcións que siguen:

1532-61900 Plan marco; aportación municipal	10.000,00 €
165-61900 Actuacións de aforro enerxético	12.500,00 €

- ❖ Os consignados no artículo 48 ( transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro), reguladas en bases de execución, como subvencións nominativas, ante a renuncia reiterada dos beneficiarios a solicitatalas, co seguinte detalle:

334 48 Asociación Virxe do Rosario de Torroña: 200,00 €

- ❖ 334 48 Asociación cultural comisión de reis de Mabilia : 200,00 €
- ❖ 334 48 Asociación de gandeiros Monte da Groba ( Currso Mougás e Torroña); 800,00 € .

- ❖ Os consignados no capitulo 9, concretamente la partida 011 913 do orzamento municipal destinado á financiación de cotas de amortización de préstamos concertados co sector privado, ante a inexistencia de cotas de amortización pendentes para 2018.

**SEGUNDO.-** A prórroga do orzamento do exercicio 2017 estará vixente desde o día



## Concello de Oia

---

1 de xaneiro de 2018 e ata a entrada en vigor do Orzamento definitivo para 2018 e procederáse a publicación do expediente completo de prórroga no taboleiro de anuncios da entidade local e no portal de transparencia na sede electrónica do concello de Oia, debendo ser remitido ao Ministerio de Hacienda, cando esté operativa a plataforma informática a tal fin.

En Oia a 29 de decembro de 2017

A Alcaldesa  
Asdo Cristina Correa Pombal  
\*Asdo dixitalmente á marxe